

PONTEVEDRA ITINERARIOS RURAIS

# Salcedo percorre a pegada das mouras

Aruta permite visitar restos arqueolóxicos e etnográficos marcados polas lendas

**Carlos Fernández**

**PONTEVEDRA** | Dentro dos itinerarios rurais que propón o Concello de Pontevedra, acaba de estrearse o percorrido que segue as lendas, os restos arqueolóxicos e a natureza de Salcedo baixo o común denominador da mítica figura das mouras.

“É un roteiro que percorre o patrimonio etnográfico, arqueolóxico e inmaterial da parroquia

de San Martiño de Salcedo, arredor das lendas das mouras”, explica o guía deste itinerario, Rafael Quintía.

“Existen moitos lugares na parroquia relacionados coas mouras, polo que con ese fío condutor fixemos un roteiro circular que percorre algúns dos lugares máis interesantes a nivel arqueolóxico, como o Monte das Croas, o petróglifo de Mato das Cruces ou Chan das Mouras, todos eles relacionados con lendas de mouras e de tesouros”, destaca Quintía.

Ademais dos restos arqueolóxicos e enclaves con lendas, a ruta discorre por muíños em-

prazados ao longo do río Batán, onde tamén hai relatos das míticas mouras.

**Interese natural** | “Integramos os muíños que están nunha zona de grande interese natural, cunha vexetación autóctona de ribeira, para pór en valor algunhas das zonas”, destaca o guía deste roteiro.

“Interesábanos destacar a importancia do legado inmaterial da parroquia, das lendas e historias que forman parte do noso patrimonio, integradas nun roteiro con patrimonio arqueolóxico, etnográfico e natural, para que se coñeza este legado,

asociado aos lugares onde se produciron estas lendas”, subliña Rafael Quintía.

O percorrido do roteiro permite visitar o castro, os muíños de Batán, os petróglifos de Mato das Cruces, Chan das Mouras, entre outros lugares, escenarios de lendas deses seres míticos que agochan tesouros encantados, relatos aínda vivos na tradición popular. ■



**Na imaxe superior**, o guía Rafael Quintía no roteiro das Mouras de Salcedo, celebrado hai uns días; sobre estas liñas, petróglifo de Outeiro das Mouras e muro do castro do monte das Croas. | DP